

20. Proxecto Competencial.

20.1. Introducción.

A materia de Proxecto Competencial diríxese ao desenvolvemento das competencias transversais a través da realización de proxectos significativos para o alumnado e da resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

As competencias poden entenderse como unha combinación de coñecementos, capacidades e actitudes en que os coñecementos se compoñen de feitos e cifras, conceptos, ideas e teorías que xa están establecidos e apoian a comprensión dunha temática concreta. As capacidades enténdense como a habilidade para realizar procesos e utilizar os coñecementos existentes para obter resultados. As actitudes describen a mentalidade e a disposición para actuar ou reaccionar ante as ideas, as persoas ou as situacións.

Nese sentido, as competencias son aquelas que as persoas precisan para o seu desenvolvemento persoal, para resolver situacións e problemas en distintos ámbitos da vida, para crear novas oportunidades de mellora, así como para desenvolver a súa socialización, lograr a continuidade do seu itinerario formativo e inserirse e participar activamente na sociedade en que vivirán e no coidado da contorna natural e do planeta. Estas competencias desenvólvense cunha perspectiva de aprendizaxe permanente, desde a primeira infancia ata a vida adulta, e mediante a aprendizaxe formal, a non formal e a informal en todos os contextos, incluídos a familia, o centro educativo, o lugar de traballo, a contorna e outras comunidades.

As competencias poden aplicarse en contextos moi distintos e en diversas combinacións, nas que se solapan e entrelazan, xa que determinados aspectos esenciais nun ámbito apoian a competencia noutro. Entre estas competencias intégranse capacidades como o pensamento crítico, a resolución de problemas, o traballo en equipo, as capacidades de comunicación e negociación, as capacidades analíticas, a creatividade e as capacidades interculturais.

Deste xeito, a materia de Proxecto Competencial pode configurarse como un traballo monográfico ou un proxecto interdisciplinario ou de colaboración cun servizo á comunidade, e as actividades que se propoñan reforzarán os aspectos máis transversais do currículo, favorecendo a interdisciplinariedade e a conexión entre os diferentes saberes.

Para facilitar a concreción curricular desta materia establécense tres bloques. No primeiro bloque, o propósito é que cada alumna e cada alumno adquiren as competencias



necesarias para prever un plan de traballo de cara á realización de proxectos ou a resolución de problemas.

No segundo bloque, unha vez previsto un plan de traballo, o alumnado terá que mobilizar conxuntamente as competencias transversais e os seus coñecementos para, segundo as pautas establecidas, resolver os problemas ou executar os proxectos planificados.

No terceiro bloque, abórdase a presentación do proxecto competencial por parte do alumnado. Cómpre reforzar a presenza da comunicación nas aulas, e esta materia parece un ámbito adecuado para o facer, polo que máis que a simple exposición do traballado se busca tamén a presentación dun discurso. Por outra banda, neste bloque inclúense aspectos relacionados co emprego de soportes audiovisuais e informáticos que serven de apoio.

Desta maneira, a través da realización de proxectos significativos e da resolución colaborativa de problemas, oriéntase o alumnado para comprender a realidade social, resolver conflitos de forma reflexiva, dialogar para mellorar, respectar os valores universais, crear un sistema de valores propios e participar activamente na vida cívica de forma pacífica e democrática.

20.2. Obxectivos.

Obxectivos da materia
OBX1. Diseñar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna. • Entender a realidade desde unha perspectiva ampla é fundamental para comprender mellor o mundo en que vivimos. Espertar a curiosidade e ter unha visión aberta sobre a realidade constitúe o punto de partida de calquera investigación do contexto. Deste modo, preténdese que o alumnado empaticice e se poña fronte a unha problemática, adquirindo unha perspectiva integral e de conxunto desta. • Os elementos transversais do currículo presentan ao alumnado e ao profesorado un grupo amplo de aspectos que a sociedade, no seu conxunto, e as persoas, de forma individual, deben comprender e tratar de darlle solución. É fundamental, polo tanto, coñecerlos e observalos, de cara a entender o porqué das situacións xeradas e tratar de achegar unha solución posible a estes. • Antes de desenvolver un plan de traballo, é preciso que o alumnado tome o seu tempo para reflexionar sobre cales son as cuestións principais que deberá abordar no seu proxecto e, unha vez determinados estes aspectos, elaborar un plan detallado de execución del. Decidir sobre aspectos como a dimensión e a duración do proxecto e a identificación dos seus obxectivos, facer balance entre os recursos que se precisan e a dispoñibilidade deles, determinar, de ser o caso, as persoas que vaian intervir e chegar aos acordos precisos sobre o que haxa que facer e sobre quen o vai facer, e determinar e concretar os pasos que haxa que seguir na súa execución, son decisións moi importantes de cara ao éxito final do traballo que cumpra realizar.



OBX2. Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran.

- Deseñada a planificación do proxecto, é o momento de poñelo en acción, de facelo realidade e, co correspondente seguimento, observar que é o que sucede para, de ser o caso, tratar de corrixir o que sexa preciso.
- A fase de execución do proxecto é unha das máis relevantes porque será a que permita acadar os obxectivos que se propoñan e porque exixirá un maior tempo de dedicación por parte do alumnado. É o momento de ter en conta aspectos como a coordinación das persoas implicadas, o uso eficiente dos tempos e dos recursos e a supervisión constante do que se está a facer.
- É importante afrontar o proxecto cunha actitude emprendedora, resolutiva, áxil, innovadora, sostible e creativa que permita a adaptación a distintas situacións e comprender a importancia de desenvolver o hábito de actuar con creatividade, tanto individual como colectivamente.
- Recoñecer e valorar trazos e calidades persoais propias e das demais persoas resulta indispensable para afrontar con éxito un proxecto. Unha correcta identificación das propias potencialidades permite avanzar de forma segura e, no caso da constitución de equipos de traballo, que deben ser inclusivos, darlles a estes equipos escenarios nos que os obxectivos se acaden dun xeito equilibrado, eficaz, cooperativo, motivado e responsable, que compense as debilidades duns e potencie as fortalezas dos outros, adecuándose así ás necesidades do proxecto que se pretende abordar e xerando, a través do diálogo, unha intelixencia colectiva que lles permita funcionar con autonomía. Un correcto desenvolvemento e uso das habilidades sociais, como a empatía, a asertividade, a negociación, o liderado e o respecto cara aos intereses, ás eleccións e ás ideas das demais persoas, facilitan unha visión compartida entre os membros do equipo, a creación dun bo clima de traballo e a construción de vínculos de cooperación que redunden no crecemento persoal e colectivo, e intensifiquen valores de respecto, tolerancia e equidade.

OBX3. Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, con control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais.

- A presentación dos resultados obtidos, xunto cun sistema eficaz de comunicación, resultan esenciais para lograr obxectivos en calquera ámbito. O alumnado debe coñecer estratexias de comunicación adecuadas e áxiles e aplicar diferentes ferramentas comunicativas, especialmente as ligadas ás novas tecnoloxías. En todo este proceso resulta esencial desenvolver unha actitude cooperativa e respectuosa na forma de comunicarse, aprendendo a argumentar, a escoitar e a transmitir eficazmente o que se pretende dar a coñecer.
- Compartir os coñecementos e as experiencias cos demais permite idear solucións contrastadas e innovadoras, motivar, convencer, tomar decisións e xerar oportunidades. Neste sentido, a utilización de estratexias de comunicación áxil facilitan a tarefa de explicar unha idea orixinal transmitindo, con claridade e rapidez, os seus puntos fortes e débiles. Así mesmo, permite que os equipos compartan as ideas creativas xeradas, e se validen ou descarten con rapidez e se tomen decisións sobre as solucións que finalmente se elixan para afrontar os retos propostos.
- O mundo global e complexo en que vivimos exige formación para mellorar a competencia comunicativa das persoas, en especial no uso dunha linguaxe positiva e no control das emocións que puideren xurdir no propio proceso do acto comunicativo. É importante entender que as estratexias de comunicación son elementos que cobran especial importancia para que unha persoa emprendedora se relacione con outras de maneira efectiva e positiva.



20.3. Criterios de avaliación e contidos.

Todos os cursos da etapa.

Materia de Proxecto Competencial Todos os cursos da etapa	
Bloque 1. Definición de proxectos	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.1. Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	OBX1
• CA1.2. Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	OBX1
• CA1.3. Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa.	OBX1
• CA1.4. Realizar a secuencia e a temporización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	OBX1
• CA1.5. Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	OBX1
Contidos	
• Procura e selección de información relacionada cos proxectos. • Planificación: secuenciación e temporización.	
Bloque 2. Execución de proxectos	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA2.1. Executar as actuacións asociadas coa secuencia e coa temporización prevista.	OBX2
• CA2.2. Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	OBX2
• CA2.3. Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	OBX2
• CA2.4. Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	OBX2
• CA2.5. Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	OBX2
Contidos	
• Execución de proxectos: dinámicas e roles.	
Bloque 3. Presentación de proxectos	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA3.1. Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	OBX3
• CA3.2. Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	OBX3
• CA3.3. Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	OBX3



Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA3.4. Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	OBX3
• CA3.5. Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	OBX3
Contidos	
• Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.	
• Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.	

20.4. Orientacións pedagóxicas.

A intervención educativa na materia de Proxecto Competencial desenvolverá o seu currículo e tratará de asentar de xeito gradual e progresivo nos distintos niveis da etapa as aprendizaxes que lle faciliten ao alumnado o logro dos obxectivos da materia e unha adecuada adquisición das competencias transversais.

O currículo da materia de Proxecto Competencial ten unha formulación aberta co fin de permitirlle ao profesorado un marco amplo de posibilidades de concreción para axustarse ás necesidades do alumnado destinatario, ás súas preocupacións e aos seus intereses, así como á realidade da contorna do centro docente. Por outra banda, o currículo da materia é común para todos os cursos da etapa, polo que o profesorado terá que adecuar as propostas de desenvolvemento curricular ao nivel e idade do alumnado buscando unha oportuna progresividade no conxunto dos cursos da etapa.

Neste sentido, no deseño das actividades, o profesorado terá que considerar a relación existente entre os obxectivos da materia e as competencias clave a través dos descritores operativos do perfil de saída e as liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe, que se presentan nas epígrafes seguintes, e seleccionar os criterios de avaliación do currículo que se axusten á finalidade buscada, así como empregalos para verificar as aprendizaxes do alumnado e o seu nivel de desempeño.

Relación entre os obxectivos da materia de Proxecto Competencial e as competencias clave a través dos descritores operativos do perfil de saída establecidos no anexo I.

Obxectivos da materia	Competencias clave							
	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1	1			1	1-5	3	1-2-3	



Obxectivos da materia	Competencias clave							
	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX2	1-3		5	3	1-3	2	3	
OBX3	1-5	3	3	2-3	1-3			3-4

Liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe.

– A materia debe enfocarse ao desenvolvemento no alumnado dunha actitude responsable e crítica a partir da toma de conciencia das problemáticas ás que se enfrontan a sociedade e as persoas que nela conviven, desde unha visión sistémica, tanto local como global, e da reflexión crítica sobre os factores internos e externos que inciden nela, asumindo a responsabilidade persoal na procura de solución para elas.

– Os deseños dos proxectos ou problemas de traballo deben ser significativos e desenvolverse en contextos reais que permitan ao alumnado experimentar e vivenciar o proxecto, ter tempos e espazos de protagonismo, así como obter o recoñecemento da súa valía persoal e das súas contribucións aos diferentes grupos en que desenvolva a actividade, reforzando así a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

– As actividades que se propoñan dirixiranse a reforzar os aspectos máis transversais do currículo, favorecendo a interdisciplinariedade, a conexión entre os diferentes saberes e a mobilización conxunta das competencias necesarias para utilizar o razoamento lóxico e analizar e axuizar criticamente os problemas sociais e históricos.

– A realización do proxecto contribuirá á alfabetización informacional e dixital, empregando destrezas e habilidades na procura e na selección de información, o uso ético desta e a xeración de contidos, e introducindo as tecnoloxías da información e da comunicación como ferramentas de documentación e comunicación que lle permitan ao alumnado almacenar, organizar, transferir e presentar o traballo elaborado ao longo do curso.

– Impulsarase o traballo cooperativo para a realización das tarefas, que lles permita ás alumnas e aos alumnos a análise, a expresión e a interpretación de pensamentos, sentimentos e feitos en distintos contextos sociais e culturais, así como o uso da linguaxe para regular a conduta e relacionarse coas demais persoas.

– O profesorado debe estimular a axuda mutua e o traballo colaborativo, co que, a través da comunicación oral, o diálogo e a interacción entre o alumnado, se contribuirá a



desenvolver a competencia para participar activamente nun equipo, a análise e a reorganización das propias ideas, o respecto crítico a outros puntos de vista, o recoñecemento dos propios valores e das propias limitacións, a adaptación ás necesidades colectivas e a solidariedade, a asunción de responsabilidades e o respecto ás normas acordadas.

– O carácter colectivo do proxecto buscará a inclusión do alumnado, desenvolvendo empatía e xenerosidade.

– Empregaranse distintos métodos, que terán en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado e favorecerán a capacidade de aprender por si mesmo. Estes métodos deben fundamentarse na relación entre o progreso persoal e o académico, porque equilibrio afectivo e aprendizaxe van unidos e fortalécense mutuamente.

– As propostas metodolóxicas deben favorecer que se integre na vida cotiá do alumnado o coñecemento de principios, valores e estratexias de regulación emocional, contribuíndo así á súa incorporación á vida adulta de maneira satisfactoria, desenvolvendo a capacidade de asumir os seus deberes e defender os seus dereitos, de exercer a cidadanía activa e de desenvolver unha aprendizaxe permanente ao longo da vida.

– Na aula débese crear un clima emocional de confianza e seguridade que facilite que, progresivamente, o alumnado acepte a incerteza como unha oportunidade para articular respostas máis creativas, e reforce as súas emocións positivas, aprendendo a manexar a ansiedade e a controlar as condutas asociadas ás emocións negativas, evolucionando desde unha posible falta de confianza inicial ata a satisfacción que supón ter a oportunidade de presentar en público as propias ideas e opinións.

– A énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades.

21. Segunda Lingua Estranxeira.

21.1. Introducción.

Instrumento de coñecemento, comunicación e creatividade, as linguas vehiculan, ademais, culturas e modos de ser e de facer. Así, o coñecemento de varias linguas pon a

